

## Cal é a túa resposta á continuidade da empresa familiar?

A nosa: Plan de protocolo familiar e relevo xeneracional

capacitando empresas, creando oportunidades



XUNTA DE GALICIA



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



Axencia para a Modernización Tecnolóxica



### Regula a sucesión da túa empresa, evita conflitos

A elaboración dun protocolo de **sucesión familiar** axudará á túa empresa a evitar conflitos no seu seo que amenacen a súa continuidade. As empresas familiares deben regular a sucesión empresarial antes de que se produza un cambio xeracional. Desta maneira, garantirase que as empresas se perpetúen no tempo, contando co entendemento dos membros da familia e asegurando así a competitividade empresarial.

Dirixida a **socios, persoal directivo e responsables de empresas familiares**, o Igape convídao á **xornada técnica Re-acciona** que terá lugar o vindeiro venres día **2 de decembro** nas súas instalacións de **Santiago de Compostela**.

### PROGRAMA XORNADA TÉCNICA RE-ACCIONA

// 09.45 h **Recepción de asistentes e entrega de documentación**

// 10.00 h **Inauguración**

Pendente de confirmar. *Igape*

// 10.15 h **Relatorio**

**Planificación xurídica da sucesión empresarial. O protocolo familiar**

Pablo Parada. *Socio cofundador. Parada y Cotelo Abogados y Asesores.*

// 11.15 h **Relatorio**

**Aspectos tributarios na sucesión empresarial**

Carlos Cotelo. *Socio cofundador. Parada y Cotelo Abogados y Asesores.*

// 12.15 h **O programa Re-acciona**



**Servizo de elaboración de plans e protocolos de empresa familiar**

Marta Leal. *Socia. Parada y Cotelo Abogados y Asesores.*

// 12.45 h **Quenda de rogos e preguntas**

// 13.00 h **Finalización da xornada técnica**



PC

Parada Cotelo

ABOGADOS Y ASESORES

Pablo Parada. **Socio cofundador**

Socio director da área xurídica de Parada y Cotelo e avogado do departamento de dereito privado. Está especializado nas áreas de dereito procesual, asesoramento societario, reestruturacións empresariais e concursos, goberno corporativo e contratación civil e mercantil.

Profesor asociado de dereito procesual da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, participa tamén regularmente como ponente en conferencias e seminarios xurídicos relativos a materias relacionadas co seu ámbito de experiencia.

É árbitro de asuntos mercantís de AEADE (Asociación Europea de Arbitraje).



PC

Parada Cotelo

ABOGADOS Y ASESORES

Carlos Cotelo. **Socio cofundador**

Socio director da área económica do despacho e responsable do departamento de asesoría fiscal e tributación. Está especializado nas áreas de tributación, concursal e asesoramento empresarial.

É Licenciado en Ciencias Empresariais e obtivo os títulos de Postgrado en Auditoría de Contas e Master en Asesoría Fiscal e Tributación.



PC

Parada Cotelo

ABOGADOS Y ASESORES

Marta Leal. **Socia**

Socia da área xurídica do despacho e avogada do departamento de dereito privado. Está especializada nas áreas de dereito procesual e asesoramento civil e mercantil. Conta cunha ampla experiencia en materia de litigación xudicial.

É dobre licenciada en Dereito e Administración e Dirección de empresas pola Universidade da Coruña e cursou un Master en Dereito da empresa impartido pola Universidade Pontificia Comiñas-ICADE.

Queres garantir a viabilidade da empresa familiar?  
Inscríbete! antes do 2 de novembro

Santiago de Compostela. Igape. San Lázaro, s/n  
(Aula formativa - planta baixa-)

CONFIRMA A TÚA ASISTENCIA

Correo: [marta.leal@paradaycotelo.com](mailto:marta.leal@paradaycotelo.com)  
Teléfono: 881 068 265

Cando as persoas queren, as empresas poden

Solicita o teu servizo Re-acciona  
Ata o 25 de novembro (3ª convocatoria aberta)